

Justo Beramendi (1941-2024). Sempre na memoria

Justo Beramendi (1941-2024). Always in our memory

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel*

(Universidade da Coruña / uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.gal)

Data de recepción: 09/11/2025 – Data de aceptación: 04/12/2025

Resumo: Justo Beramendi González foi catedrático de Historia Contemporánea da USC e realizou un extraordinario traballo de pescuda e análise, durante catro décadas e media, sobre a historia do nacionalismo galego. No verán de 2024 faleceu, cando ía cumprir 83 anos de idade, deixando unha magna obra historiográfica e un grande baleiro.

Palabras chave: Justo Beramendi, historia política contemporánea de Galiza, historia do nacionalismo, historiografía galega.

Sumario: 1. Introducción. 2. Justo Beramendi. Os primeiros anos de formación e a loita antifranquista. 3. Beramendi na Galiza. 4. Beramendi docente, académico e investigador. 5. Beramendi, creador. 6. Beramendi, mestre e amigo. 7. Coda. Referencias bibliográficas.

Abstract: Justo Beramendi González was a professor of Contemporary History at the USC, developing an extraordinary body of work of research and analysis, for four and a half decades, on the history of Galician nationalism. He died in the summer of 2024, when he was about to turn 83 years old, having produced a great historiographical work and leaving a huge void behind.

Keywords: Justo Beramendi, contemporary political history of Galicia, history of Galician nationalism.

Contents: 1. Introduction. 2. Justo Beramendi. The first years of training and the anti-Franco struggle. 3. Beramendi in Galicia. 4. Beramendi teacher, academic and researcher. 5. Beramendi, creator. 6. Beramendi, master and friend. 7. Afterword. Bibliographic references.

* Doutor en Historia pola Universitat de Barcelona. Profesor da UDC, na que é director da Cátedra de Memoria Histórica.

1. Introducción

É un pracer realizar unha breve aproximación biográfica ao colega, e moi querido amigo, Justo Beramendi, na que incluír lembranzas e vivencias partilladas con el. Lembranzas e vivencias que van desde mediados dos 90, do pasado século XX, até días antes do seu falecemento, intenso período en que tiveron a honra de forxar amizade cun dos máis grandes historiadores e intelectuais galegos contemporáneos.

Mais antes de entrar nestas últimas cuestións, afondemos no perfil biográfico de Justo Beramendi.

2. Justo Beramendi. Os primeiros anos de formación e a loita antifranquista

Beramendi naceu en Madrid en xullo de 1941 e realizou estudos de Enxeñería Industrial na capital española entre 1959 e 1967. Entre tanto, comezaría a significarse, no marco do movemento estudantil, na loita contra a ditadura franquista. Iniciou a súa militancia na Federación Universitaria Democrática, por volta de 1964 (chegou a ser parte do comité executivo desta organización estudantil) e pasou a militar ao pouco no Partido Comunista de España Internacional.

Tal e como nos ten comentado en varias ocasións, dada a súa destacada participación política, e tras unha infiltración policial que poría ao descuberto a súa célula e o aparato de propaganda desta (co perigo que isto supoñía), Beramendi e a súa dona, Carmen Álvarez Arcos, deixarán Madrid no ano 1969 e asentaranse daquela en Barcelona. Na cidade condal vivirán cinco anos, entre 1969-1974, e Beramendi formárase na sección de Historia da Facultade de Filosofía e Letras e tamén en tradución, ámbito en que realizou profesionalmente un extenso traballo.

Na capital catalá Beramendi e a súa dona entrarían de cheo en contacto con militancia antifranquista catalanista, sobre todo do Partit Socialista Unificat de Catalunya (PSUC). Na capital catalá, e na Universidad Central de Barcelona, Justo terá unha militancia política clandestina moi discreta, tras a experiencia madrileña.

E a parella Beramendi Álvarez tamén tomaría contacto, e forxarían unha estreita relación, coa colonia galega afincada en Barcelona, a través da irmá da propia Carmen, Magdalena Álvarez Arcos, e do daquela home desta, Xosé Manuel Casabella.

Desde este ámbito, recibiría Beramendi ao pouco a encomenda, a través do arquitecto César Portela, de se facer cargo da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia, Colexio que se fundou oficialmente no ano 1973.

3. Beramendi na Galiza

A partir da devandita encomenda, Justo Beramendi e a súa dona asentariáanse en Galiza desde setembro de 1974, onde vivirían definitivamente, xunto aos seus dous fillos, Pablo e Mario. Na Galiza retomaríase Justo en 1977 os estudos universitarios que comezara en Barcelona, matriculándose na capital galega na recente Facultade de Xeografía e Historia¹. Por certo, cando chegou Justo Beramendi a Galiza viña de publicar o libro *Miseria de la Economía*, xunto a Eduardo Fioravanti no selo Ediciones Península (Beramendi / Fioravanti 1974), sendo «reclutado», como el mesmo nos ten afirmado, por Xosé Manuel Beiras para militar no Partido Socialista Galego (PSG), partido no que chegaría a facer parte da súa dirección executiva. Malia deixar aquela súa activa militancia no PSG cara ao ano 1977, Justo foi unha fonte privilexiada para coñecermos en detalle o proceso de Transición en Galiza, e nomeadamente os debates abertos diante daquel proceso político, a cabalo entre o modelo da España das Autonomías triunfante e a loita pola Ruptura Democrática, que non foi...

Desde 1974 até o ano 1984 Justo Beramendi seguiría profesionalmente ligado ao Colexio de Arquitectos de Galicia, no que ocuparía a secretaría técnica desde o ano 1978, cargo que compatibilizaría coa finalización dos seus estudos en Historia, concluídos cunha memoria de licenciatura que sería o inicio da súa tese de doutoramento. Unha memoria de licenciatura que presentou no mes de setembro de 1980; traballo científico que saíra do prelo en dous volumes no ano 1981, en Edicións do Cerne (Beramendi 1981), baixo o título xenérico *Vicente Risco no Nacionalismo Galego* (o subtítulo do primeiro volume sería «Das orixes á afirmación plena»; e o subtítulo do segundo sería «Escisión-Unidade-Escisión»).

Dado o esforzo que require a elaboración dunha tese de doutoramento, Beramendi deixaría a secretaría técnica do Colexio de Arquitectos de Galicia no ano 1984, para finalizar aquela investigación académica como bolseiro predoutoral, primeiro, e logo como profesor contratado do Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento centrada na historia do nacionalismo galego nas tres primeiras décadas do pasado século, e que defendeu na USC no ano 1987, co título *El nacionalismo gallego en el primer tercio del siglo XX*, baixo a dirección do catedrático Jesús María Palomares Ibáñez, quen xa na memoria de licenciatura de Justo puña en valor (e cito) as «altas calidades» como investigador de Beramendi.

¹ A Facultade de Xeografía e Historia creárase no 1975, da man da Facultade de Filosofía e Letras, que existía desde 1922.

4. Beramendi docente, académico e investigador

Cando Justo Beramendi defendeu a súa tese de doutoramento, xa levaba dous anos exercendo como profesor contratado na Facultade de Xeografía e Historia da USC, principiando daquela a súa dilatada e frutífera carreira docente universitaria, para alén do tempo en que impartira aulas como bolseiro, na liña do xa apuntado. Logo sería Profesor Titular Interino entre 1987 e 1989, así como Profesor Titular entre 1989 e 1995, para desde 1995 até a súa xubilación, no ano 2011, exercer como catedrático; despois será catedrático emérito na propia Facultade de Xeografía e Historia da USC, entre o ano 2011 e o 2014. Así mesmo, neste último período docente, ocuparía a dirección da Cátedra Juana de Vega.

Ao longo da súa carreira docente dirixiu un enorme número de traballos de investigación, destacando a dirección de varias teses de doutoramento, nomeadamente a de Elixio Villaverde, xunto a Pilar Cagiao Vila (1998); a de Herminia Pernas Oroza (1998); Lois Álvarez Pousa, xunto a Margarita Ledo Andión (1998); a de Ramón López Facal, xunto a Juan Ignacio Pozo (1999); a de Víctor Santidrián Arias (2000); e a de Manuel Fernández González (2005). Tamén presidiu multitude de tribunais de teses de doutoramento, tanto en Galiza como fóra da nosa terra (incluído o tribunal da miña tese, defendida na Universitat de Barcelona baixo a dirección do grande amigo común Jordi Casassas Ymbert, ao que Justo coñeceu nos tempos de Barcelona).

Os que tivemos a sorte de telo como docente, quer de licenciatura, quer de doutoramento ou mestrado, lembramos a Justo como un dos docentes máis brillantes que tivemos. Docencia que combinou con diversas responsabilidades académico-universitarias, destacando como vicerreitor de Política Cultural da Universidade de Santiago de Compostela, entre 1991 e 1994; ou como presidente da Conferencia de Vicerreitores de Cultura de España, entre o ano 1992 e o 1994, entre outras responsabilidades académicas de importante relevo.

Como investigador, a nivel historiográfico destacou como o maior especialista na historia do nacionalismo galego. Desde a publicación do libro *Vicente Risco no Nacionalismo galego* (Beramendi 1981), xa citado anteriormente, Beramendi deu lugar a obras que foron e son de referencia no campo da historia política galega. Non as citaremos aquí todas, mais si daremos conta de como afianzou un campo de estudo que, cando el comezou a cultivalo, carecía de suficiente atención e produción científica (consecuencia daquela *longa noite de pedra*, que diría Celso Emilio...), e dunha metodoloxía analítica que Justo achegou a este eido da historia de Galiza. Ao seu pormenorizado estudo da figura e ideoloxía de Vicente Risco, seguironlle as pescudas e obras sobre Manuel Murguía (Beramendi 2000a), Antón Losada Diéguez (Beramendi 1985) ou Daniel Rodríguez Castelao (Beramendi 2000b), entre outros persoeiros do noso pretérito contemporáneo, así como sobre as Irmandades da Fala (Beramendi 2015) e o Partido Galeguista (Beramendi 1991), e sobre a historia política de Galiza no tempo contemporáneo no seu conxunto e o complexo encaixe do noso país no marco estatal español (Beramendi 1997, por

exemplo). O balance do traballo e produción de Justo Beramendi neste terreo é extraordinariamente positivo, e a obra máis sobranceira do devandito esforzo intelectual, protagonizado por Beramendi, será o magno volume intitulado *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, obra publicada por Edicións Xerais no ano 2007 e na que Beramendi sintetiza en 1.244 páxinas as súas referenciais e esclarecedoras pescudas sobre a historia do galeguismo político, entre a segunda metade do s. XIX e os inicios do actual s. XXI.

Igualmente como investigador debemos referir como Beramendi impulsou o grupo Historia Política e dos Nacionalismos (HISPONA) no seo da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Aliás, debemos destacar a súa importante presenza en numerosos Congresos, quer como relator, quer como organizador ou coorganizador; tanto de ámbito nacional, coma internacional, galego, español ou europeo.

Probabelmente o punto de inflexión debeu marcalo a este respecto o coloquio «Os nacionalismos na España da Restauración (1875-1923)», desenvolvido no Museo do Pobo Galego no 1983; e o Congreso Castelao, celebrado en novembro de 1986, dos que foi coorganizador e relator. Este último Congreso, no que Justo pronunciou a conferencia «Estructura e evolución da ideoloxía política de Castelao», deu lugar a dous volumes, ao coidado do propio Justo Beramendi e do tamén gran historiador Ramón Villares, do que participarían numerosos colegas, así como representantes senlleiros daquela xeración fanada polo 36, caso de Lois Tobío, Antón Fraguas, Ricardo Carvalho Calero, Emilio González López, Isaac Díaz Pardo ou Avelino Pousa Antelo, aos que lles temos escoitado falar daquel congreso como unha referencia central no rescate da memoria de Castelao, e por extensión do galeguismo político (e, particularmente, da visibilización e posta en valor da loita, da que participaran, en favor da Autonomía galega no tempo republicano...).

A este inxente labor podemos e debemos sumar as innumerábeis conferencias que ten pronunciado Beramendi ao longo e ancho do noso país e doutros territorios; e os numerosísimos artigos de prensa que publicou, destacando de xeito sobranceiro os seus habituais artigos, de requintada análise política, publicados na imprescindible revista *Tempos Novos*, desde o seu nacemento, no que participou, en 1997. Destacan tamén os artigos que publicou, desde o ámbito historiográfico, na tamén imprescindible revista *A Trabe de Ouro*, que igualmente contribuíu a fundar en Compostela anos atrás, concretamente no ano 1990 (igual que participara activamente a finais dos 70, en Madrid, na creación da revista *Negaciones*).

Sen esquecermos a innumerábel cantidade de proxectos que ten asesorado, destacan series de televisión, documentarios e mesmo colecciónábeis de xornais (que divulgaron a historia de Galiza entre a maioría social); desde a serie da Televisión Española en Galicia intitulada «A Transición en Galicia», no ano 2003; ou a serie da Televisión de Galicia «Historias de Galicia» no 2007, até o colecciónábel de *La Voz de Galicia* «A Gran historia de Galicia», publicada no ano 2007 e na que Beramendi se encargou dos últimos dous tomos, que intitulou *A Galicia Autónoma (desde a Transición)*, entre outras achegas nesta orde de cousas.

5. Beramendi, creador

Así mesmo, Justo Beramendi ten participado en numerosas iniciativas que contribuíron e contribúen a modelar e dar proxección internacional a Galiza. De todos os proxectos, e a maiores das publicacións que cofundou, tal e como se indicou, destaca a súa decisiva participación na creación do Museo do Pobo Galego, entre 1976 e 1977, e na súa ampliación, que chega até os nosos días. Beramendi foi secretario do MPG durante unha década, entre o ano 1976 e 1986, así como presidente da Xunta Reitora, entre o ano 2000 e o 2011, e presidente do Padroado, desde o ano 2011 até a primavera de 2022, ano en que promoveu que houbera un cambio na máxima responsabilidade desta institución². Igualmente Beramendi participou na creación da Fundación Castelao, que naceu o 28 de decembro de 1984, a cuxa fronte estiveron os vellos galeguistas Ramón Martínez e Avelino Pousa Antelo, ostentando unha presidencia honorífica Teresa Rodríguez Castelao, irmá viva daquelas do autor de *Sempre en Galiza*. E Justo Beramendi tamén estivo desde un inicio na Fundación Vicente Risco e na Fundación Losada Diéguez, e foi o máximo coñecedor na vida e obra de ambos os galeguistas.

6. Beramendi, mestre e amigo

Deixo para o final deste modesto contributo algunhas lembranzas imborrábeis que me acompañan de Justo Beramendi. A primeira garda relación coa miña chegada, como alumno, á Facultade de Xeografía e Historia da USC a mediados dos 90 do pasado século. Ao pouco de asentarme en Galiza, desde Madrid, a miña cidade natal, e de aprender a falar correctamente en galego, tiña especial interese en centrar a miña formación académica na historia política, para pescudar sobre a historia do nacionalismo (a pegada do meu defunto pai, docente de intensa militancia –activo membro da Aula Galega do Clube de Amigos da UNESCO e da Agrupación Cultural Lóstrego de Madrid, así como da Asemblea Nacional-Popular Galega, da Unión do Pobo Galego e do Bloque Nacionalista Galego de Madrid, entre outras iniciativas–, era enorme e para min non tiña sentido o traslado de Madrid a Galiza sen centrarme no referido campo de traballo). Presenteime a Justo após unha das primeiras sesións da primeira materia da que foi docente meu³, alá polo ano 1996, e foi cando soubemos que ambos nacemos no mesmo céntrico barrio madrileño, o *barrio de Salamanca*. Daquela comenteille que o meu pai me viña de traspasar o seu arquivo, con documentación de enorme interese relativa á súa

² Pasou a ocupar a presidencia do Museo do Pobo Galego Concha Losada, profesora da USC e mantedora do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), do Instituto das Identidades do MPG, até daquela vicepresidenta do Padroado do Museo; con María Xosé Fernández, tradutora e cofundadora do MPG, como vicepresidenta.

³ A materia era Fundamentos da historia política contemporánea.

militancia política, desde inicios da década dos 70 en Madrid, e que estaría interesado en poñerme a traballar sobre a mesma. Sen eu sabelo (e sen ter esa vontade), aquilo foi o inicio do que logo sería a miña tese de doutoramento. Tese que realicei fóra de Galiza, na Universitat de Barcelona, baixo a dirección de Jordi Casassas Ymbert, mais co acompañamento de Beramendi, quen non puxo obxección en conversar comigo ao respecto cantas veces fose necesario (e foron moitas ocasións, porque a tese realiceina con calma, durante máis dunha década e media –dado que se trataba de analizar e radiografar o nacionalismo galego entre 1936 e 1975, incluíndo o exilio en América e Europa, o que implicou moitas viaxes e a consulta dun elevado número de arquivos, de países como Cuba, Arxentina, Uruguai, Francia...–). Como non podía ser doutro modo, Justo foi o presidente do tribunal da tese, á que se lle concedeu a máxima cualificación. Anos atrás, Beramendi xa revisara a antesala dunha outra investigación miña; concretamente a biografía completa que lle dediquei a Álvaro de las Casas, fundador de Ultreya no tempo republicano e membro do primeiro comité executivo do Partido Galeguista (investigación que se publicou en síntese, como artigo, na revista *A Trabe de Ouro* por volta de 2002; e logo integramente, en formato libro, na editorial Galaxia no 2003; cfr. Diéguez Cequiel 2002 e 2003).

Non quero deixar de lembrar a súa participación en dous proxectos en que non dubidou en colaborar desde o seu inicio, dun ou doutro modo, sabedor do simbolismo que os revestía e a necesidade que había dos mesmos (malia non teren, como case todo nesta vida, asegurado o seu futuro). Refírome, dunha banda, a *Murguía, Revista Galega de Historia*, proxecto que animou desde a súa xestación no ano 2002, desde o mesmo momento en que lle comentei a Justo que estaba a promover a creación da devandita publicación; e doutra refírome ao Galeusca Historia, que no ano 2003 comezamos a idear Xosé Estévez, daquela profesor da Universidad de Deusto, e mais eu, con Beramendi como un dos primeiros dez asinantes do manifesto homónimo que publicamos no ano 2008 (diante do 85 aniversario do Pacto da Triple Alianza galego-vasco-catalá e do 75 aniversario do Galeusca republicano, ou Pacto de Compostela). Derivado daquel manifesto, Justo foi un dos cinco conferenciantes galegos que participamos daquel primeiro Congreso Galeusca Historia, celebrado no Museo d'Història de Catalunya (MHCAT)⁴, entre o 10 e o 11 de decembro de 2011, baixo o título «Entre la Construcció Nacional i la Repressió Identitària» e a coordinación dos amigos, catedrático da UB, Jordi Casassas Ymbert e Agustí Alcoberro, daquela director do MHCAT.

⁴ Antes e despois daquel Congreso, temos compartido mesa en diversas ocasións; coorganizando, mesmo, varios congresos e xornadas. Especial mención merece o Simposio Repensando Galicia: As Irmandades da Fala (1916-1931), que celebramos no Museo do Pobo Galego, con motivo do centenario do nacemento das Irmandades da Fala.

7. Coda

Aquel primeiro congreso Galeusca Historia coincidía cos últimos anos de docencia de Justo Beramendi (e co inicio da miña docencia na Universidade da Coruña). Anos en que Justo acentuou a súa presenza no Museo do Pobo Galego, que foi o seu gran tesouro (proxecto ao que máis esforzos lle dedicou na vida e que máis alegrías lle deu –aínda que tamén algúns momentos acedos...–)⁵.

E daquela recta final da docencia na USC de Beramendi, como catedrático emérito na Facultade de Xeografía e Historia, entre o ano 2011 e o 2014, lembro o día que se despediu do seu despacho e do que fora o seu centro de estudos e traballo durante case catro décadas. Citoume o 7 de outubro de 2014 no seu vello despacho da Facultade e entregoume algunhas obras que tiña apartadas (eu axudeille a levar á súa casa outras que tiña seleccionadas nunhas caixas). Entre as obras que me agasallou, tivo o detalle de me entregar e dedicar os dous volumes que publicara no 1981, en Edicións do Cerne, baixo o título xenérico *Vicente Risco no Nacionalismo Galego*, obra citada anteriormente. Podíase ler na dedicatoria o seguinte:

Para Uxío Breogán. Colega e amigo, esta primicia resesa⁶ dos meus estudos sobre
o nacionalismo galego.
Cunha moi forte aperta.
Justo Beramendi
Santiago, sete de outubro de 2014

Estas palabras ían en sintonía coa dedicatoria que, anos atrás, me agasallara Justo no meu exemplar do libro *De provincia a nación*, no que se podía ler:

Para Uxío Breogán Diéguez Cequiel,
alumno brillante onte, hoxe compañeiro de pesquisas nacionalistas e amigo sempre.
Cunha forte aperta. Saúde e Terra!
Justo Beramendi
[Compostela] 10/6/2008

Coa morte de Justo Beramendi perdemos como país, tal e como indicaba ao inicio deste texto, un dos máis grandes intelectuais e historiadores galegos contemporáneos, mais tamén unha excelente persoa (e no meu caso, xunto a outros colegas, un grande amigo e referente).

⁵ Meses antes de deixar Justo Beramendi a presidencia do Padroado do MPG (tal e como sucedeu no Padroado da entidade desenvolvido o 28 de maio de 2022), contactoume para saber se aceptaría incorporarme ao Consello de Goberno e Permanente do Museo. Naturalmente foi para min unha honra a proposta e díxenlle que contara comigo, dada a significación do MPG, participando até a actualidade destes dous organismos, pola responsabilidade que significa e na honra do propio Justo Beramendi.

⁶ Justo Beramendi sempre fixo gala dun humor acedo e refinado.

Referencias bibliográficas

- Beramendi, J. G. (1981): *Vicente Risco no Nacionalismo Galego*. Vol. I. *Das orixes á afirmación plena*. Vol. II. *Escisión – Unidade – Escisión*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.
- Beramendi, Justo G. (ed.) (1985): *Losada Diéguez. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais.
- Beramendi, Justo G. (1991): «El partido galleguista y poco más: Organización e ideoloxías del nacionalismo gallego en la II República», en J. G. Beramendi / R. Máiz (comps.), *Los nacionalismos en la España de la II República*. Madrid: Siglo XXI de España Editores, 127-170.
- Beramendi, Justo G. (1997): *El nacionalismo gallego*. Cuadernos de Historia 40. Madrid: Arco Libros.
- Beramendi, Justo G. (2000a): «Un ideólogo singular: Manuel Murguía e as bases da nacionalidade de Galicia», *Boletín da Real Academia Galega* 361, 73-118.
- Beramendi, Justo G. (2000b): «Caracteres básicos do pensamento político de Castelao», en *Congreso sobre Castelao*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 271-289.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais.
- Beramendi, Justo G. (2015): «As Irmandades da Fala e o nacemento do nacionalismo gallego», *Murguía: Revista Galega de Historia* 32, 51-64.
- Beramendi, J. G. / E. Fioravanti (1974): *Miseria de la Economía*. Vol. I. *Del marxismo científico al marxismo dogmático*. Vol. II. *En busca del rigor perdido*. Barcelona: Península.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2002): «Álvaro de las Casas e a súa actividade política na Galiza republicana (1931-1936)», *A Trabe de Ouro* 49, 93-105.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2003): *Álvaro de las Casas: biografía, documentos e epistolario*. Vigo: Galaxia.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2015): *Nacionalismo gallego aquén e alén mar. Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)*. Compostela: Laivento.